



PROPOSTAS E ACHEGAS

PARA O DEBATE NA XV ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

QUE FACER AGORA?



MOVIMENTO
GALEGO AO
SOCIALISMO

A large, light blue, stylized compass rose or starburst graphic is centered in the background of the page. It has multiple points and is composed of overlapping geometric shapes.

INTRODUCCIÓN

É innegábel que o BNG padece unha **situación de extrema fragilidade e debilidade** que ten a súa **manifestación máis visíbel e resoante no persistente devalo electoral**, agravado nos últimos comicios.

Poderíamos dicir que non só nos equivocamos algunhas veces nas respostas, senón que tampouco acertamos sempre nas preguntas. É **sintomático que os resultados electorais se convertesen no único elemento que atice o lume do debate**, nunha situación de crise profunda e estrutural do capitalismo, conxugada cunha visíbel deterioración do réxime xurídico-político imposto nos fraudulentos acordos do 78. O devalo electoral é un indicador de primeira orde de moitas das nosas fortalezas e debilidades, capacidades e ineficiencias, mais **non pode ser o único termómetro** que mida a saúde dun movemento que pretende unha transformación profunda no político e social -no caso do BNG, a emancipación nacional como camiño e contributo propio no vieiro de todos os pobos e a clase traballadora do mundo.

Precisamente **un momento como o actual debería ser o propicio para converter as nosas propostas estratéxicas nunha alternativa realmente de masas**, que avanzase rapidamente fronte aos poderes tradicionais e **cristalizase nunha transformación inminente do marco xurídico-político**, nun **proceso constituínte de ruptura democrática co statu quo**. Non o é así por varias razóns que apenas insinuaremos neste documento: debullalas esixiría unha extensión e tempo maior do que esta.

“O BNG é a mellor ferramenta para a nosa liberación, mais temos que recoñecer os obstáculos reais: carencia de credibilidade, estrutura feble e carencia de medios para un proxecto que actúa sempre a contracorrente”

Moitas destas razóns teñen que ver coa hábil reestruturación urdida desde o bloque dominante para garantir a estabilidade, conter a contestación social e impedir calquera articulación perigosa desde abaixo. Afirmamos tamén que é imposible actuar con mínimas posibilidades de éxito sen caracterizar e definir correctamente esta tendencia existente. Mais outras moitas teñen a ver coas nosas propias eivas, algunhas de longo percorrido ou estruturais e outras máis conxunturais. Este feito pode ser encarado desde varias perspectivas: por unha parte, obríganos **a exercer a autocrítica e recoñecer a nosa responsabilidade cando e onde erramos**, sen escusarnos, e a tirar conclusións prácticas que nos permitan mellorar a nosa actuación; pola outra, temos que ser capaces de interpretar e valorar o contexto político e social real no que actuamos, xa que do contrario as conclusións serán inadecuadas.

Tamén compre **recoñecer os obstáculos reais que enfrenta o BNG** como ferramenta política. O BNG é a mellor ferramenta que ten o pobo galego a día de hoxe para acadar a súa liberación nacional e a transformación social. Non obstante, non é suficiente. Estamos marcados por unha serie de paradoxos: aínda con todas as tachas que se lle queiran sinalar, o Bloque Nacionalista Galego é a forza máis comprometida con todas e cada unha das loitas populares, cos conflitos que se desenvolven permanentemente ao longo do país, e cunha alternativa integral e profunda para cada unha delas; non obstante afrontamos unha profunda **carencia de credibilidade** -maiori-

tariamente inxusta- e que ten difícil reversibilidade sen unha transformación profunda dos métodos de actuar e dos principais rostros públicos; do mesmo xeito, **a organización** ten unha certa consistencia, articulación e distribución territorial, mais porén **a súa estrutura é feble e a militancia esta desmobilizada** para poder desenvolver un proxecto que actúa permanentemente a contracorrente e que **non ten apenas medios**, máis que a entrega da súa militancia.

As seguintes consideracións versan sobre os debates que estamos a dar nesta Asemblea Nacional (e que achamos deben servir de elementos a considerar neses proceso que abrimos). Foron expostas e tratadas nos distintos organismos do BNG, en especial nas asembleas comarcais, e agora son apresetadas de forma ordenada, pública e detallada, co obxectivo de contribuír a achegar máis clareza, e unha visión de conxunto que adoita perderse no marasmo de documentos, controversias, emendas, votacións e suxestións que afortunada e inevitabelmente abrollan no proceso democrático dunha organización viva. Esta é a proposta que facemos dende o Movemento Galego ao Socialismo, conscientes de que o resultado final, xestado no debate e na confrontación democrática de ideas, mellorará notabelmente este contributo.

**A FERRAMENTA
POLÍTICA QUE O
POBO GALEGO
NECESITA**

UN PROCESO HONESTO DE RECONSTRUCCIÓN DO SOBERANISMO

Diante do comezo dun proceso de reflexión profunda no BNG que se abre nesta asemblea nacional, defendemos **unha actualización da ferramenta** política para avanzar nunha definición máis combativa, mellor organizada, con maior capacidade de incidencia e mobilización, e adecuada á loita de clases no momento actual, advertindo dos riscos de non facer ben un proceso deste tipo: ten que realizarse un proceso cara á sociedade e non unicamente interno. Defendemos que ese proceso **ten que ter un período amplo** (que ten que concluír con posterioridade ás eleccións galegas), cunhas bases mínimas, fases definidas, e conclusións prácticas, para afrontar o proceso con garantías fronte ás interferencias internas e externas doutros debates.

AUTOORGANIZANDO O POBO GALEGO PARA CONSEGUIR A SOBERANÍA

Entendemos ademais que o proceso de actualización debe ter por principal **obxectivo o reforzo e avance do proxecto político histórico do nacionalismo galego** que hoxe encarna o BNG: unha ferramenta da autoorganización do pobo galego en todos os campos da política para a consecución da plena soberanía nacional nun modelo de sociedade ao servizo das súas clases populares. Rexeitamos, pois, que este proceso se

“Defendemos unha actualización da ferramenta política, para avanzar nunha definición máis combativa e adecuada á loita de clases de hoxe, mais non confiamos nunha mera invocación ritual da “refundación”.

utilice non para mudar todo o preciso, senón para destruír o caudal político acumulado polo nacionalismo ou para efectuar unha integración dependente noutros proxectos distintos ao noso que prolonguen a dependencia nacional e polo tanto o desposuimento das clases populares.

MUDAR TODO O QUE TEÑA QUE SER MUDADO.

Queremos advertir, por último, que **non abonda con confiar na invocación ritual dun proceso de “refundación”** ou na incorporación dun novo vocabulario, nomes, siglas ou logotipos. É preciso que **adoptemos xa medidas que nos permitan gañar fortaleza**, que non agardemos á conclusión dun novo proceso para **dar un golpe de leme que abra unha nova etapa**. Esta nova etapa que debemos abrir conecta cos debates que daremos colectivamente nesta Asemblea Nacional, xa que esta debe servir de comezo dese proceso de actualización.

UNHA POLÍTICA SOBERANISTA E DE ESQUERDAS

1

**“As últimas
assembleas
nacionais
reafirmaron o
proxecto histórico,
concretado
na conquista
da soberanía
nacional a través
da proclamación
dunha república
galega,
conquistada
a través da
organización e
mobilización”**

1.1 AFIRMARMOS A REPÚBLICA GALEGA COMO HORIZONTE ESTRATÉXICO

Nas dúas últimas assembleas nacionais aprobouse un importante xiro estratéxico que poñía fin á que correctamente caracterizamos no seu día como deriva autonomista, empeñada en asumir de forma enormemente contraditoria a lexitimidade e viabilidade do marco xurídico-político imposto polo Estado Español a partir da reforma ilexítima xestada a partir da segunda metade da década dos 70. Esta liña de actuación debilitou enormemente a nosa credibilidade entre a base social nacionalista, e impediu ademais a súa ampliación, xa que durante anos o discurso e a práctica xirou en torno dunhas difusas e nunca acadadas maiores cotas competenciais, que non cuestionaban en profundidade a dependencia e dominación política da nosa nación. Porén, a XIII Asemblea Nacional aprobou **a reafirmación do proxecto histórico**, esvaído polos feitos consumados nos anos anteriores, concretado **na conquista da soberanía nacional a través da proclamación dunha república galega**, conquistada a través da organización e mobilización do pobo galego, e non dunha imposible concesión da oligarquía española.

Neste sentido, a evolución do BNG nos últimos anos é ben eloquente: froito do debate interno, da correlación de forzas e da competencia implícita por un espazo político operouse **un xiro político de relevancia**. Aínda con todas as deficiencias que se poidan argumentar, **recuperouse o discurso soberanista** coa proposta estratéxica da República da Galiza, **interveuse**

de forma máis consistente e coherente nas loitas populares, afondouse nunha **posición antiimperialista firme, tecéronse pontes con moitas e moitos nacionalistas** sen militancia ou militancia noutras organizacións e partidos, e **reorientáronse as relacións internacionais,** con especial énfase nos referentes independentistas e de esquerda anticapitalista. E non obstante, a percepción de grande parte da poboación é a dunha forza política relativamente semellante ás dominantes -coa evidente excepción da súa única identificación con Galiza-, o que representa unha consecuencia do anterior proceso de homologación e institucionalización, que paradoxalmente é un lastre agora para todo avanza no campo electoral.

1.2 COMBATER UNHA UNIÓN EUROPEA IRREFORMÁBEL

Estas asembleas tamén negaron a posibilidade dunha reforma das principais estruturas imperialistas, como a Unión Europea, en beneficio dos intereses dos pobos e das clases traballadoras, establecendo unha importante liña de demarcación con todo o reformismo continental, e nomeadamente co que opera tamén no Estado e na nosa nación.

1.3 AFIRMAR A DEFENSA DAS CLASES POPULARES

Tamén se afirmou o compromiso cos dereitos e intereses in-negociábeis das maiorías populares, nomeadamente por me-


“A liña política -soberanía, ruptura co Estado, modelo social e económico radicalmente diferente- non é o problema, senón a solución; o que debe modificarse é o seu desenvolvemento na práctica”

dio da defensa dun modelo radicalmente oposto ao encarnado polo capitalismo e o imperialismo, cuxas consecuencias -sempre presentes- se fan especialmente visíbeis e agudas nas fases de recesión.

Con todo, **esta liña política e estes eixos discursivos foron moito máis incisivos nos documentos assembleares que na súa transmisión á sociedade e que na actuación** que mantivemos durante os últimos anos. A súa aplicación desenvolveuse de forma parcial, intermitente e episódica. Non fomos quen de proxectarnos socialmente como a alternativa adecuada para organizar o descontento e a carraxe espontánea contra o proceso de deterioración laboral, social, educativa, as restricións crecentes de dereitos e a enxurrada de medidas profundamente anti-populares que padecemos. Non logramos que o “nacionalismo” ou a “soberanía” se convertesen en opcións de mobilización e agrupamento de masas, claramente identificadas como solución e alternativa aos moitísimos conflitos e problemas que afrontaba o noso pobo.

Nestas circunstancias, consideramos que é falaz sustentar a argumentación de que o problema está na liña política. Polo contrario, esta debe reafirmarse, porque se trata da solución: a análise realista e integral da situación actual, en claro contraste coa imposibilidade e continuísmo implícito en todas as propostas reformistas e de prolongación da dependencia estrutural da Galiza.

O que debe modificarse, e con todos os medios e iniciativas que sexan precisas, é **a súa aplicación na práctica**, a comezar pola **súa asunción plena por toda a organización**, pola **producción planificada e unificación do discurso e práctica** en todos os ámbitos, do local ao nacional, polo **engarzamento desta mensaxe cos conflitos concretos** e problemáticas que afecten ao pobo, e pola **eliminación das incoherencias en certos ámbitos institucionais**.



2

**AS MUDANZAS
PRECISAS:
SOLUCIÓNS PARA
OS PROBLEMAS
REAIS**

2.1. UN DISCURSO DE DEFENSA DAS MAIORÍAS SOCIAIS

O noso discurso político debe ampliarse e matizarse, xa que frecuentemente caemos nun certo reduccionismo dos sectores agredidos ao que nos diriximos. Aínda que este reduccionismo vén motivado por valores a conservar -en particular, a necesidade de defensa duns dereitos e intereses populares que ademais non son apoiados por ningún outro movemento político e social- **debemos actuar con intelixencia e a partir da análise da estrutura de clases actual na nosa nación.**

Esta ampliación do discurso non debe ser interpretada desde os recorrentes cálculos electoralistas e curtopracistas que propoñen eliminar os riscos que se consideran máis incómodos para un hipotético centro político, senón ao contrario, debe ter unha orientación inequívoca que interpele e organice con maior contundencia, efectividade e empatía a inmensa maioría social do noso país: a súa clase traballadora, que cada vez padece con maior intensidade a súa explotación.

2.2. UN MOVEMENTO NACIONALISTA COORDINADO E REFERENTE NO TRABALLO SOCIAL

Debemos ser capaces de ampliar e coordinar o movemento nacionalista en todos os espazos de traballo social, de forma que visualizemos que o soberanismo ten alternativas para cada problema social concreto que fan parte dunha alternativa global ao sistema. Así conseguiremos visualizar o movemento

“Este discurso político debe ampliarse e matizarse, non para renunciar á defensa de ningún sector agredido, senón para interpelar, con contundencia e efectividade, á inmensa maioría social do noso país”.

nacionalista como referencial no traballo social como é realmente en moitos sectores, fronte outros espazos políticos que depositan toda esperanza en mudanzas unicamente pola vía electoral.

2.3. UNHA ORGANIZACIÓN AO SERVIZO DAS LOITAS SOCIAIS

Precisamos unha organización que sexa capaz de distribuír enerxías en máis campos de actuación que o electoral-institucional: **a pesar das declaracións e os esforzos, a nosa organización segue aínda máis envorcada no traballo institucional**, que consome grandes recursos, **que no traballo social**. Este será, fronte a febleza do noso proxecto hoxe no campo electoral, o que nos permita consolidar e ampliar o noso espazo político na sociedade, algo que despois (e non antes) terá reflexo no campo electoral.

Os espazos políticos, sempre en disputa, constrúense, fundamentalmente por medio da organización e mobilización popular, no caso dos espazos antisistémicos, e por medio de inmensos dispositivos institucionais e culturais -medios de comunicación, o sistema educativo na súa maior parte, o deporte de masas, entre outros moitos- nos que se corresponden coas ideoloxías dominantes. Así pois, non abonda con pretender representar a parte da poboación que ten conciencia nacional ou como mínimo identificación con intereses xerais do país, e dirixirse reiteradamente a ela con este mesmo argumento, can-

do este imaxinario está en retroceso. Hai entón que afrontar o proceso de españolización, por medio da auto-organización popular en todos os ámbitos -non só os tradicionais, como o sindical, xuvenil, estudantil ou cultural- e tamén pola intervención, até onde sexa posíbel, nos espazos e contradicións do inimigo.

Debemos, desde o BNG, atender á conflitividade social pola mellora das condicións de vida das clases populares, mais non desde o simple acompañamento e presenza pasiva en reivindicacións xa existentes. **Debemos ademais ter unha contribución activa tanto dos militantes individuais como da estrutura da organización, identificando necesidades, potenciando e visibilizando as reivindicacións existentes ou impulsándoas cando non existan:** fronte ao relato dominante, somos conscientes da debilidade do movemento popular, unha das razóns que ocasionan a constante deterioración das nosas vidas imposto polas oligarquías.

2.4 UN COMPROMISO IRRENUNCIÁBEL CO FEMINISMO

Un compromiso que permee as prácticas diarias da organización apostando por un marco e unha axenda galega na defensa dos dereitos das mulleres e na transformación da sociedade. Participando dos espazos feministas e impulsando e reforzando as organizacións e espazos que traballan cunha perspectiva feminista e anticapitalista. A representación pú-

blica e orgánica ten que ser coherente con este compromiso impulsando a pluralidade de voces e a presenza dos feminismos en todos os niveis da organización.

2.5. UNHA ORGANIZACIÓN DEMOCRÁTICA CONSTRUÍDA ENTRE TODAS

Precisamos unha organización que amplíe os espazos de decisión da militancia superando dinámicas que teñen convertido as asembleas locais e/ou comarcais en espazos de refrendo de propostas. Unha organización viva e activa que abra espazos alén das asembleas que permitan profundar no traballo e no desenvolvemento das propostas que se realicen. Espazos que sirvan para achegar outros axentes políticos e sociais ao debate facéndoos partícipes da busca de solucións e alternativas tanto no campo social como no institucional.

Unha organización que deseñe e tome as decisións colectivamente residindo nela o deseño das políticas públicas que en ningún caso pode limitarse á simple xestión do existente senón que debe ter como prioridade a superación do marco actual, a resolución de problemas e un intenso traballo por amosar os límites institucionais.

Cómpre resignificar e dar valor real a espazos como as comisións ou os plenarios nacionais como ferramentas de debate do conxunto da militancia e espazos de deseño de políticas aproveitando as novas tecnoloxías para axilizar debates e

toma de decisións. Unha organización para a transformación radical da sociedade ten que ser radicalmente democrática.

2.6 UNHA ORGANIZACIÓN VIVA EN CONSTANTE EVOLUCIÓN

O BNG como ferramenta política ten que estar en constante evolución no que aos métodos de traballo se refire. Formando constantemente á súa militancia e empregando a potencialidade dos novos xeitos de comunicación para colocalos ao servizo da transmisión das políticas emanadas dos debates colectivos.

A organización ten que construír **espazos de debate que permitan a formación da militancia** e favorecer a súa participación con metodoloxías non rutineiras que favorezan a implicación e o interese de militantes e simpatizantes. O papel das militantes ten que ser proactivo á hora de favorecer a participación e impulsar esos espazos de debate e formación. Precisamos activistas que exerzan un papel activo no campo social.

Neste sentido, tamén temos que **pular pola pluralidade nos referentes públicos da organización**. Para nós non vale o esquema de organización vertical e xerarquizada cun líder dedicado a enfiar monólogos, unha militancia destinada a replicalos como espellos e uns cargos intermedios sen iniciativa política. Se a nosa principal fortaleza reside na capacidade

da nosa militancia, no seu compromiso coas causas xustas e na súa implicación en tantos conflitos, proxectémonos cunha imaxe máis próxima do que somos, sen deixarnos engaiolar polas dinámicas e linguaxes dos partidos da orde.

**SUMAR DESDE A
PLURALIDADE DO
NACIONALISMO**

3

As organizacións que fan parte do BNG, partidos e colectivos, son froito da diversidade interna e expresión da pluralidade: coa súa vida propia, deben desenvolver con normalidade a súa actividade, xa que a fronte ten que ter a súa propia identidade e traxectoria. Permiten a **convivencia de organizacións e militantes con diferentes programas estratéxicos**, aos que en ningún caso se ten que renunciar -no noso caso, como é coñecido, este é o da superación do capitalismo e a liberación nacional da Galiza, a democracia socialista e o comunismo. Estas organizacións non impiden a existencia do debate e acordo do conxunto da militancia, militancia que xa é de adscrición individual: non restan dereitos a ninguén.

Na conversión que algúns defenden periodicamente do BNG nunha organización que negase o dereito de organización interna seguirían a existir correntes mais ou menos explícitas ou organizadas, polo que non se verían resoltos ningún dos vicios que pode implicar a existencia de distintos colectivos, como o dirixismo ou a burocratización; ao contrario, estes veríanse agravados. E sería inevitábel ter que acordar un único programa estratéxico, co cal algún sector tería que renunciar ao seu propio.

O frontismo ten que servir para que se fagan **contribucións relevantes para mellorar, achegas polifónicas que somen desde a pluralidade** e as distintas capacidades e incidencia política diferente nos sectores nos que mais influencia ten cada partido ou corrente integrante da fronte, unha forma

de organizarnos internamente que non sofre ningún tipo de cuestionamento social máis alá das permanentes admonicións dos medios sistémicos.

Igualmente, a fronte política debe reiterar a súa vontade de integrar a todas as persoas e organizacións que demostren vontade -real e non nominal- e capacidade de somar pola liberdade deste país e pola construción dun modelo socioeconómico radicalmente diferente (isto é o que o frontismo significa nesta fase histórica). De facto, **esta estrutura abre oportunidades para o futuro**, xa que facilita a posíbel integración de novas formacións.

4

**UNHA
ALTERNATIVA
ELECTORAL
SOBERANISTA E
DE ESQUERDAS**

Defendemos a **necesidade dun proxecto soberanista de esquerdas que teña alternativa electoral propia** e sume no campo soberanista aos axentes sociais e políticos que partillen esta aposta política.

Non consideramos posíbel nin desexábel a proposta de articulación con fórmulas electorais que non comparten obxectivos estratéxicos nin tácticos, xa que non pretenden avanzar cara á autodeterminación, até o punto de que nin sequera asumen principios como o da autoorganización. En particular, somos críticos con calquera dependencia, electoral ou discursiva, das iniciativas homoxenizadas por Podemos, propostas que hoxe están a ser apresentadas no proceso de debate no BNG.

Sen centrar as nosas propostas na crítica doutras forzas, estamos obrigados a valorar a súa natureza e identidade, dado que interveñen no espazo político. Neste caso concreto, estamos ante un simple reformismo de substitución, que pretende renovar a lexitimidade do marco xurídico-político, da institucionalidade española e do capitalismo, con especial interese en absorber e inviabilizar os movementos de liberación nacional, xa que estes constitúen o principal vector de ruptura no Estado, así como en aumentar a desmobilización social e impor unha política máis dependente dos grandes capitais que dirixen os grupos mediáticos. Malia esta forza recolle demandas e reclamos populares -en campos como a vivenda, a denuncia da corrupción, ou a demanda dun referendo só para Catalunya-, faino cun sentido instrumental que pretende desactivalos, e

concreta a súa aposta política nun programa socialdemócrata máis limitado do que tiña o PSOE a comezos dos 80. No que atinxe aos movementos populares pola autodeterminación, a súa postura é funcional á do Estado, como demostra particularmente a súa posición no proceso catalán, onde defenden o referendo como un fin en si mesmo, fóra do seu tempo e condicionado á imposíbel aprobación de PP e PSOE, e sempre co obxectivo de que non frutifique a construción da nova república.

Calquera participación do BNG neste espazo viría a producirse de forma subordinada e representaría unha desviación irrecuperábel nos obxectivos formulados ante o pobo galego. Suporía non un avance na conciencia nacional e social, senón un recuo notábel: fronte a adherirmos un camiño da simple alternancia institucional, xestión das estruturas autonómicas e aplicación de tímidas medidas reformistas, **temos que afirmar a capacidade galega de atopar unha solución propia, unha vía unilateral de afirmación da soberanía ao servizo das clases populares.** En definitiva, esta proposta é un erro de enorme magnitude, xa que representaría a integración electoral nunha reestruturación preparada polo bloque histórico dominante -o conxunto de forzas políticas sociais que defenden o Estado e o capitalismo- e polo tanto debilitaría fundamente o campo popular e revolucionario, de xeito semellante ao que aconteceu con diversas forzas no contexto da “Transición”.

A nosa mensaxe electoral debe ir alén da minimalista de “expulsar o PP da Xunta” sen concretar cal é a política e as

medidas que se van adoptar ao día seguinte: os custos que ten defraudar as expectativas sociais de transformación desde a xestión dos gobernos son moi elevados. A nosa tarefa é formularmos unha mensaxe clara ao servizo do país e da súa maioría social, cun programa avanzado que non é posíbel nos límites dunha candidatura homoxenizada por Podemos, e desde unha estratexia de tensión e confronto permanente co Estado e a Unión Europea, o que non exclúe -máis ben ao contrario- o paso táctico da substitución do goberno autonómico.

Esta posición non invalida a posición de principios de colaboración con outras forzas -e persoas sen afiliación partidaria concreta- que actúen no campo nacionalista, que continúa aberta en todo momento. Mais esta debe ser real e verificábel en aspectos concretos, e acarreta tamén a necesidade de denunciar a cooptación de forzas galegas por forzas estatais se esta se produce, independentemente do revestimento progresista que a ampare, xa que o noso obxectivo é o avance do proxecto histórico do nacionalismo.

**“Non só “expulsar ao PP da Xunta”:
unha mensaxe ao servizo da maioría social,
cun programa avanzado e desde a estratexia de tensión e confronto co Estado e a UE”.**



**MOVIMENTO
GALEGO AO
SOCIALISMO**